

**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A CONCESIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE MEIS,**

**PROCEDEMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA**

**PROVIDENCIA DA ALCALDÍA: NECESIDADE DA CONTRATACIÓN E INICIO DO EXPEDIENTE**

Por mor da liquidación da empresa (CELTAPRIX), que viña prestando o servizo mancomunado de recollida de residuos sólidos urbanos, o Concello de Meis adxudicou con carácter de urxencia mediante procedemento negociado, unha nova contratación do servizo.

Finalizado o período previsto no contrato tramitado mediante procedemento negociado, continúaase coa prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria, URBASER, en tanto non se adxudique o contrato mediante procedemento aberto.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación das prestacións obxecto da contratación

Vista a insuficiencia de medios persoais e materiais para levar a cabo a realización das prestacións pola propia administración.

Resultando acreditada a necesidade da contratación.

Vista a documentación técnica obrante nas oficinas do Concello relativa á contratación da concesión do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos urbanos, confeccionada pola empresa SOGOS CONSULTING SLU, que prevé un valor estimado de contrato por un período de 10 anos de 2.833.235,00€.

O procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, constitúe a forma idónea de adxudicación do contrato, dadas as características das prestacións a realizar.

**DISPOÑO:**

**Primeiro.-** Ordenar a incoación de expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, da concesión do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos urbanos do Concello de Meis.

**Segundo-** Que se proceda á redación da memoria xustificativa do servizo.

**Terceiro.-** Que se proceda á redación do informe de insuficiencia de medios da administración, para levar a cabo a xestión da prestación do servizo.

**Cuarto.-** A emisión por parte da intervención xeral de xustificante de existencia de crédito.

**Quinto.-** Que se informe pola secretaría sobre os trámites e actos preparatorios do devandito expediente de contratación, e se redacten os pregos de condicións particulares e de prescripcións técnicas.

O Alcalde

Aso. José Luis Pérez Estévez

**ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**